

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 10 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO SEGUNDO.- DESISTIMENTO DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E MONTAXE DOS ELEMENTOS DESCRITOS NO PROXECTO DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO MILLADOIRO.**

**Expediente: 2018/C005/000005**

En sesión de Xunta de Goberno Local 25 de outubro de 2018 foi aprobada a licitación do contrato de subministro, instalación e montaxe dos elementos descritos no proxecto de mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro, por procedemento aberto, varios criterios de adxudicación e suxeito á regulación harmonizada.

O anuncio de licitación foi publicado na Plataforma de Licitación do Sector Público con data 5 de novembro de 2018.

Durante o prazo de presentación de ofertas se presenta recurso especial en materia de contratación pola Asociación de Pequenas Empresas Galegas, contra o anuncio e prego de cláusulas administrativas particulares.

No escrito de interposición do recurso solicítase a medida cautelar de suspensión do procedemento de licitación.

En sesión de Xunta de Goberno Local de 3 de decembro de 2018 acórdase suspender o prazo para a presentación de proposicións dos licitadores ata que resolva o recurso especial de contratación presentado, co fin de garantir unha maior seguridade xurídica no expediente de licitación e con fin de evitar posibles perxuizos innecesarios tanto ós licitadores como á propia administración local. O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia tiña suspendida a licitación o 30 de novembro de 2018. Con data 5 de decembro de 2018 resolve o recurso especial en materia de contratación que é recibido polo concello o día 7 de decembro.

A resolución do recurso establece: *Resolve: 1. Estimar en parte o recurso interposto por Asociación de Pequenas Empresas Galegas contra o anuncio de licitación e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato mixto de subministración, instalación e montaxe dos elementos descritos no proxecto de mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública en Milladoiro, tramitado polo Concello de Ames, decretándose a nulidade da cláusula 11 e anexo III do PCAP, no referente á solvencia técnica, con desestimación do demais. 2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*

A declaración de nulidade da cláusula 11 e anexo III do prego de cláusulas administrativas supón a introdución no prego dun factor que impide que poida entenderse completo e, polo tanto, altera de modo non subsanable as normas reguladoras do procedemento de adxudicación, xa que a forma de acreditar a solvencia debe recollerse de forma expresa nos pregos. Enténdese que estamos ante un suposto que faculta o desistimento do procedemento de adxudicación ó abeiro do artigo 152.4 LCSP.

Por todo o exposto a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade autónoma de Galicia de data 5 de decembro de 2018 polo que se anula a cláusula 11 e anexo III do prego de cláusulas administrativas particulares do Subministro, instalación e montaxe dos elementos descritos no proxecto de mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro, no referente á solvencia técnica.

**Segundo.-** Desistir do procedemento de licitación do subministro, instalación e montaxe dos

elementos descritos no proxecto de mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública no Milladoiro, polos motivos expostos no corpo deste acordo.

**Terceiro.-** Facultar ó señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 10 de decembro de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde